



PREPARANDO AS SAÍDAS



TEMOS ANTE NÓS UNHA NOVA SITUACIÓN, E OS NEN@S TAMÉN. CHEGOU O AGARDADO MOMENTO NO QUE PODEN SAIR DA CASA, PERO É IMPRESCINDIBLE QUE AFRONTEMOS MOI BEN ESTE NOVO RETO, PORQUE É UN RETO. É FUNDAMENTAL, PARA EVITAR QUE OS NEN@S VIVAN O MOMENTO COMO ALGO FRUSTRANTE QUE XERE NELES MAIOR IRRITACIÓN E IMPOTENCIA, QUE LLE EXPLIQUEDES MOI BEN O QUE VAI A SUCEDER.

- PARA QUE SE PODE SAIR E CANTO TEMPO.
- COMO TEÑEN QUE SAIR: SE DA VOSA MAN, SE NON PODEN ALONXARSE, NON PODEN BOTAR A CORRER...
- QUE COUSAS DEBEN EVITAR: TOCAR OS OBXECTOS SE IDES AO SUPERMERCADO OU POLA RÚA, ACHEGARSE DEMASIADO Á XENTE...
- COMO DEBEN COMPORTARSE SE ATOPAN A ALGÚN AMIG@: NON PODEN IR A DARLLE APERTAS NIN BICOS, NIN AGARRALO DA MAN... ESTA É QUIZAIS A SITUACIÓN QUE MAIS FRUSTRACIÓN LLES PODE SUPOÑER, PERO NON SERÁ A MESMA SE PREVIAMENTE ESTÁN AVISAD@S.
- QUE PAUTAS IMOS A SEGUIR AO CHEGAR A CASA: LAVAR AS MANS, SE HAI QUE DEIXAR A ROUPA NUN LUGAR DETERMINADO, SE LLA QUITADES VÓS OU A SACAN ELES...

É MOI NORMAL QUE A PESAR DE TERLLES EXPLICADO AS NORMAS, NALGÚN MOMENTO SE COMPORTEN COMO O FACÍAN HABITUALMENTE, PORQUE SON CONDUCTAS QUE SAEN SEN PENSAR, SON AUTOMÁTICAS. NESES MOMENTOS É IMPORTANTE QUE LLE RECORDEDES COMO DEBE ACTUAR, PERO MANTENDO A CALMA.

INTENTADE DARLLES AS EXPLICACIÓNS CA MAIOR TRANQUILIDADE E NON INFUNDIRLLES MEDO, CONTANDO A VERDADE PERO SEN ASUSTAR.

TODO ISTO TEN COMO OBXECTIVO QUE SAIBAN O QUE VAI A SUCEDER E COMO, E NON QUE CANDO ESTAMOS NA RÚA COMECEMOS A DARLLE NORMAS E A PROHIBIR: ISTO NON, ISO NON O PODES FACER... PORQUE XERARÁ TAMÉN MAIOR TENSIÓN NO ADULTO E O MOMENTO NON SERÁ ALGO PRACENTEIRO E AGRADABLE.

CANDO COMECEN ESTAS SAÍDAS PODE SUCEDER QUE CADA DÍA PREGUNTEN SE PODEN SAÍR, QUE CANDO SAÍMOS... PARA PROCURAR DIMINUIR ESTA ANSIEDADE PODEDES SINALAR NO CALENDARIO E NO HORARIO DIARIO O DÍA E O MOMENTO DO MESMO NO QUE VAI A TER LUGAR A SAÍDA.

